

Even-Zohar, Itamar. 1993. "A Función da literatura na creación das nacións de Europa." *Grial* XXXI, #120, pp. 441-458

A función da literatura na creación das nacións de Europa*

Itamar Even-Zohar

[...] Na primavera de 1971 chegaron [a Islandia procedentes de Dinamarca] os dous primeiros e máis celebrados manuscritos. Eran o *Libro de Platey* e mais o *Codex Rexio* dos poemas édicos, que chegaron a Reiquiavik nun barco de guerra danés acompañados por unha delegación de ministros daneses e membros do Parlamento. Na mañá do 21 de abril o barco atracou no porto de Reiquiavik [...]. Miles de persoas se congregaran no peirao, e ó longo das estradas polas que os visitantes ían camino da cidade, amoreábanse os nenos con bandeiras danesas e islandesas [...].

Así é como Jonas Kristjánsson, o director do Instituto Arnarnaganeano, en Reiquiavik, describe o triunfo dos islandeses na guerra dos manuscritos con Dinamarca¹. Noutra publicación engade: "[...] desde entón non deixan de chegar manuscritos ininterrompidamente, e agora temos no noso poder arredor dos novecentos, xunto con moitos outros documentos"². A disputa dos manuscritos entre Islandia e Dinamarca estivo precedida por unha guerra da mesma natureza entre Dinamarca e mais Suecia, aproximadamente trescentos anos antes. Competicións sen escrúpulos para conseguiren os manuscritos, e mesmo actos tan belixerantes como fundir un barco cargado deles, non foron feitos insólitos no século XVII. Sen embargo, na Islandia do século XVII, a xente non se preocupaba demasiado polos manuscritos, "as súas páxinas eran recortadas unha por unha das vitelas e utilizadas para distintos propósitos"³, como por exemplo decorar roupa.

* Conferencia pronunciada con ocasión do Encontro "A Europa da(s) literatura(s)" celebrado en Santiago de Compostela en maio de 1993.

1. Kristjánsson, Jonas. "Icelandic Sagas and Manuscripts", en *Icelandic Review*. Reiquiavik, 1980, pp. 89-90.

2. Kristjánsson, Jonas. "The Literary Heritage", en *Icelandic Sagas Eddas, and Art*. 9-15. The Pierpont Morgan Library, Nova York, 1982, p. 25.

3. *Ibidem*, p. 24.

Resulta doado supoñer que nin no século XVII nin no século XX as disputas sobre os manuscritos teñen que ver con eles en canto obxectos. Non era a súa entidade física o que en realidade se procuraba. No século XVII eran xeraknente os contidos previstos neles o que facía devercer pola súa posesión de maneira tan especial: cada un dos reinos escandinavos esperaba atopar ali unha preciosa información que puidese reforzar as súas pretensions de grandeza e poder. En canto ó século XX, a reclamación dos manuscritos significou para os islandeses o derradeiro estadio na lexitimación e confirmación da súa independencia nacional. En ambos casos, as acaloradas disputas afectaban a profundos sentimentos da propia identidade. O que entraba en xogo era unha "identidade colectiva".

Esta historia, aínda que única nos seus detalles, *non é tan* inusual como manifestación de estruturas socio-semióticas. Pola contra, ilustra magnificamente, e así intentaremos demostralo, a función que a literatura desempeñou na constitución de moitas nacións e de grupos culturalmente organizados en Europa. Neste sentido, podería tratarse dunha historia unicamente europea. Teño como un privilexio o feito de ter sido invitado a falar nestas celebracións de Santiago de Compostela, unha cidade de tan forte dimensión simbólica. Unha perfecta ocasión, coido, para reflexionar, como me suxeriu Claudio Guillén, sobre os misteriosos camiños da literatura en Europa.

¿É a "literatura" realmente algo propio de Europa? Non se trata dunha pregunta doada de responder. A penas coñecemos ningunha sociedade máis ou menos organizada que non posua unha especie de "literatura", é dicir, unha actividade na que se recitan ou se len textos, publica ou individualmente, para ou pola xente. É certo que algunhas sociedades teñen maior sona que outras de estaren máis dotadas para a creación e interpretación de textos. Por exemplo, no Oriente Medio da época medieval, estimábase que os arabs posuían un talento de seu para esta ocupación, mentres que na Europa do Norte, os islandeses eran considerados nados para seren escritores e narradores de historias. Califas e reis, emperadores e zares, ó igual que a "xente comun" todos sentían a atracción de escoitaren a literatura tanto en verso como en prosa. Por outra parte, en países como en China, o feito de escribir poemas segundo modelos preestablecidos constituía un dos requisitos obrigatorios necesarios para un posto administrativo. Nin todas estas maneiras de interpretar a literatura constitúen no seu conxunto unha literatura nin tampouco funcionan do modo en que chegaron a funcionar na historia de Europa.

Para dicilo en poucas palabras, as actividades literarias como tales quizais non sexan específicas de Europa, pero as funcións que estas actividades desempeñaron na organización da vida europea, si poden ser, en efecto, propias e características delà. Cando estes fenómenos aparecen en países non europeos durante os séculos XIX e XX, non se trata de feitos que seguen directamente a outros de natureza similar previamente existentes neses países, senón máis ben dunha nova actividade, tomada das culturas europeas.

Agora ben, é necesario aclarar de que "Europa" estamos a falar, é dicir, cales son as súas fronteiras espaciais e temporais. Seria tenta dor limitar a análise á Europa do século XVIII en diante. Este capítulo da historia europea parece estar notablemente máis claro en relación ó noso asunto. Sen embargo, non elixiremos esta via máis doada, aínda que terei que profundizar nela máis tarde. Comezarei polo principio. Creo que estamos a discutir aquí un feito moi importante da historia mundial, e esta historia puido ter tornado unha dirección moi diferente da que tomou.

Seria inútil suxerir unha resposta definitiva á cuestión de se as actividades textuais son ou non universais, no sentido de que terían aparecido baixo calquera circunstancia, ou de se son a consecuencia dun proceso accidental que tivo lugar por casualidade durante a constitución das primeiras civilizacións. Na socio-semiótica moderna, incluíndo as teorías económicas e históricas, téndese hoxe en día a abandonar as xeneralizacións determinísticas. Sen embargo, unha vez que se detecta un fenómeno, analízalo desde o primeiro elo dunha longa cadea de acontecementos é unha práctica ampiamente aceptada. Ó longo destas liñas a cuestión de se a aparición da "literatura" foi inevitable ou tal vez ocorreu por casualidade nos comezos dunha civilización, non se vai poder resolver. O que si se pode observar, sen embargo, é o que ocorreu desde que apareceu. Gracias ós avances, desde o século pasado, nas investigacións históricas e arqueoióxicas podemos agora reconstruír alomenos algúns dos máis importantes eíós e modelos da historia literaria occidental.

A primeira civilización letrada e literaria que coñecemos é o conxunto de cidades-estado sumerias en Mesopotamia. Elementos inventados e introducidos pola civilización sumeria poden detectarse posteriormente durante milenios en culturas que tal vez a herdaran progresivamente, no que parece ser un proceso en cadea. A preocupación poíós textos, tanto escritos como lidos, ocupou un lugar preeminente na cultura sumeria. Mentres que as élites tiñan o privilexio exclusivo de acceder a eles directamente en calidade de novos produtores (é dicir, como "escritores") e tamén de perpetuadores (é dicir, "intérpretes"), alomenos parte da poboación total tivo contado con estes textos en diversas ocasións festivas. Aínda que o incremento de múltiples estelas (como o código legal de Hammurabi, ou as detalladas descrições autolaudatorias que das súas fazañas fixeron todos os gobernantes), non poida servir como unha evidencia da accesibilidade e operatividade dos textos, si pode alomenos testemuñar a intención deses gobernantes de posuír omniprésentes textos sobre eles⁴.

Mais importante é o feito de que co establecemento e a consolidación da escola (*é-dubba*) como unha institución de poder, a cultura sumeria introduciu tamén a institución socio-semiótica do canon. Escola e canon serviron para organizar a vida social, basicamente, mediante a

4. Bottero, Jean. *Mésopotamie: L'écriture, la raison et les dieux*. Gallimard, Paris, 1987.

creación dun repertorio de modelos semióticos a través dos cales "o mundo" se explicaba cun conxunto de narracións, *inter alia*, naturalmente, para dar gusto ós grupos dominantes. Estas narracións resultaron ser moi poderosas á hora de transmitir sentimentos de solidariedade, de pertenza, e fundamentalmente de sumisión a leis e décrets que non poderían ser impostos so eoa forza física. Así, a cultura sumeria foi a primeira sociedade en introducir, por unha banda as actividades textuais como unha institución indispensable e, por outra, o uso desa institución co fin de crear unha cohesión socio-cultural.

Para que o termo "cohesión socio-cultural" non pareza vago ou baleiro, permitasenos explicar de forma rápida que facemos referencia con el a un estado no que existe un sentimento ampiamente estendido de solidariedade, de sentirse estreitamente unidos, entre un grupo de persoas; estado que, daquela, non precisa unha conduta imposta pola simple forza física. Cremos entender que o concepto clave para esta cohesión socio-cultural é o de dispoñibilidade. A dispoñibilidade é unha dispoñición mental que empuxa á xente a actuar dunha determinada maneira que, doutro xeito, podería ser contrario as súas "inclinacións naturais". Por exemplo, ir á guerra para ser probablemente asasinado na loita contra outros homes, sería o caso extremo, moitas veces repetido ó longo da historia da humanidade. O feito de crear unha estensa rede de dispoñibilidade sobre un bo número de cuestións é algo que, sendo vital para calquera sociedade, esta non pode dar, sen embargo, por entendido. Así, ningún goberno pode dar por suposto que a xente obedecerá leis, escritas ou non, se non logra persuadilos para que o fagan. A obediencia lograda mediante a forza física, como a militar e a policial, pode resultar efectiva so para un certo período de tempo, pero cedo ou tarde, esta deixará de existir, en parte porque poucas sociedades poden permitirse manter un número o bastante amplo de axentes da lei.

Sostemos, xa que logo, que a "literatura" serviu como factor omniprésente para a cohesión socio-cultural. Isto non significa que fose un factor decisivo ou o máis importante, pero quizais si o máis duradeiro, e probablemente o que máis veces se combinou con outros (acompañando, por exemplo, certos rituais ou actuacións físicas, como construír edificios ou interpretar música e danza). Se perdurou foi quizais gracias á súa institucionalización e á súa chamativa presenza, posto que a atopamos constantemente en todas aquelas culturas que de maneira gradual reemprazaron á sumeria, é dicir, a cultura acadia e hitita, así como a exipeia, que desenvolveu, por suposto, certos aspectos da mesma pola súa conta. O termo "acadio" vén sendo aquí unha abreviación para designar sociedades diferentes que utilizaban variantes diversas da lingua e a "literatura" acacias: entre elas, por suposto, a antiga cultura acadia propiamente dita, a babilónica e a asiria, pero tamén as culturas de gran variedade de estados organizados entre o Éufrates e o Mediterráneo, como Ebla e Mari, Yamhad, Ugarit e Canaan. Todas elas, excepción feita de Tiro e Canaan pola súa ascendencia fenicia, nin sequera se liberaron completamente do

sistema sumerio-acadio de escritura, aínda que o simplificaron de forma gradual a varios niveis.

O elo oculto entre estas sociedades e "Europa", que permaneceu encuberto durante moitos séculos, váise descubrindo cada vez máis polo mellor coñecemento que temos desas culturas. A orixe fenicia do alfabeto grego, xa revelado por eles, non se discute. Mesmo o propio nome de Europa, que, segundo a mitoloxía grega ten que ver coa cidade de Tiro, pode ter derivado da palabra hebreo-fenicia *ereb*, que significa tanto "oeste" como "atardecer". Pola contra, é na institución da "literatura", con todos os seus compoñentes, onde o elo non se pode presentar comò indiscutible. Non obstante, hoxe pódese dicir, coas debidas réservas, que parece máis plausible, dadas as evidencias reunidas grazas ós descifrados documentos destas culturas, que a "literatura" realizou o seu camino desde Mesopotamia, a través dos hititas (e tal vez os luvijs) como mediadores, ata a cultura grega, polo que se estendeu, nun proceso en cadea, dunha sociedade europea a outra ó longo do tempo.

Non discutiremos en profundidade esta hipótese nin profundizaremos na literatura da corte dun gobernante como Asurbanipal, coa súa biblioteca de 25.000 tabletas de arxila. Abonda con mencionalo para incidir en que as actividades textuais, ás que damos en chamar na súa totalidade "literatura" por conveniencia, persisten ó longo da historia de todas as culturas antes mencionadas. Hai que formular, sen embargo, algunhas réservas. A pesar do poder do modelo sumerio-acadio, evidenciado alomenos polo éxito dun repetido repertorio de crenzas e costumes, non debemos caer na trampa do anacronismo. Non resulta doado calcular máis que en termos xerais, o nivel de cohesión socio-cultural destas sociedades, nin a contribución das actividades textuais ó seu éxito. Atopamos, ademais, o testemuño de máis dun fracaso. Por exemplo, o aparentemente rápido final da cultura asiria pode tal vez atribuírse a un grao de cohesión bastante baixo, o que de ser así, suporía un fracaso da cultura textual.

Non obstante, mesmo cando a súa capacidade de crear cohesión fose escasa e secundaria, a literatura nunca renunciou á súa influencia como un feito que significa poder e distinción, e esta foi posiblemente a súa función primordial como actividade organizada. Os gobernantes, mantendo o hábito de perpetuar actividades textuais, sinalaban a súa superioridade, distinguíndose a si mesmos do resto da sociedade ou doutros dirixentes "indignos", por dicilo dalgún modo. Tal e comò o expresa Gentili, falando de Grecia entre os séculos VI e IV antes de Cristo, "[...] a través da obra do artista, o señor rico ou o aristócrata da cidade e sobre todo o tirano procuran ennobrecese e consolidar o seu propio poder político"⁵. En resumo, posuír "unha literatura" era un dos *indispensabilia* do poder.

5. Gentili, Bruno. *Poesía e público nella Grecia antica, da Omero al Vsecolo*. Storica. Laterza, Roma. 1984, p. 153.

¿Que significa "posuír unha literatura" e que son os *indispensabilia* do poder? É este quizais o momento de afirmar aquí de maneira explícita que o concepto de "literatura" que utilizamos non coincide exactamente coa noción popular de "unha colección de textos aceptados, producidos por certos individuos e para que os lean outros", que é, mais ou menos, a imaxe moderna que posuímos. Por "literatura" entendemos todo un conxunto de actividades, das que so parte son "textos para seren lidos" ou "textos para seren escoitados", ou mesmo "comprendidos". En poucas palabras⁶, estas actividades inclúen a produción e mais o consumo, o mercado e mais as relacións de negociacións entre as normas. Cando un gobernante mantén estas actividades, supón que ten que investir parte dos seus recursos en manter axentes para producir e recitar os textos, canta dos as mais das veces ou recita dos cun acompañamento musical, e outra parte en acumular e almacenar algúns destes produtos. O emperador asirio Asurbanipal realiza un considerable investimento para copiar o inventario dos textos babilónicos canonizados⁷. Ter "literatos" na corte era un sinal de poder e riqueza⁸. Non resulta irrelevante o feito de que tales mercadorías figuren entre os tributos que deben facer os pequenos gobernantes ós mais poderosos. Por exemplo, o rei asirio Senaquerib fachea dos recitadores, homes e mulleres, que obrigara a pagar a Ezequias, rei de Xudá, como parte dun esixente tributo⁹.

Daquela, "posuír unha literatura" equivale a "posuír riquezas apropiadas para un poderoso gobernante". É un importante componente do que denominamos "os *indispensabilia* do poder". Falando nun sentido semio-cultural, "ser" unha *person-in-the-culture*, "persoa na cultura" diferenciada¹⁰, a calquera nivel, supón sempre posuír e utilizar un repertorio propio de bens e procedementos., Por exemplo, ser "un francés" probablemente leve consigo beber vino ou auga... Ser un rei, ou un gran emperador, desde sempre, implica posuír edificios de certa magnitude, con esculturas e con pinturas murais ou relevos, e moito máis. De non posuír aínda estas propiedades, tería que se preocupar, daquela, de crealas. Cómpren tamén outros ingredientes, en realidade demasiados como

6. Para unha discusión do concepto máis pormenorizada remito ó meu traballo *Polysystem Studies. Poetics Today* 11.1. Duke University Press. Durham, 1990. Número especial de *Poetics Today*.

7. Neste proceso os deuses de Babilonia foron convertidos nos seus correspondentes asirios —especialmente no texto *Enuma Elisb*, a Épica da Creación—, apropiándose por tanto dos textos e interpretándoos como se fosen asirios antes que babilónicos.

8. Tadmor, Hayim. "Monarchy and the Elite in Assyria and Babylonia: The Question of Royal Accountability" en *The Origins and Diversity of Axial Age Civilizations*. Ed. S. N. Eisenstadt. State University of New York Press, Albany, 1986. Capítulo 8, pp. 203-227.

9. Sobre a ideoloxía política nas inscricións asirias vid. Tadmor, Hayim. "History and Ideology in the Assyrian Royal Inscriptions" en *Assyrian Royal Inscriptions: New Horizons (in Literary, Ideological, and Historical Analysis)* Ed. F. M. Fales, 1981, pp. 13-23. *Oriens Antiqui Collectio-XVII*. Roma, Istituto per L'Oriente.

10. Voegelin, C.F. "Casual and Non-casual Utterances Within Unified Structure" en *Style in Language*. Mit Press. Ed. Thomas A. Sebeok. Cambridge, 1960, pp. 57-59.

para describilos aquí en detalle, entre os que é inevitable contar cos servicios de recitadores, "poetas", cantantes e bailaríns, ou un consunto de intérpretes que formen un "teatro". O califa andaluz Abderramán III, tivo ministros que eran quen de o entrefer recitando poesía macarrónica (é dicir, mesturando a lingua árabe e mais a románica¹¹), mentres que Almanzor foi o bastante afortunado como para que Ibn Darraj al-Quastali lle compuxese un poema laudatorio en honor da toma de Santiago de Compostela no ano 997¹². Harold o Duro (século XI) mantivo case cincocentos poetas, algun dos cales o acompañaron como poetas de confianza tanto en moitas tarefas cotiás¹³ como, por suposto, na guerra. En resumo, é evidente que unha lista predeterminada de *indispensabilia* con, máis ou menos, os mesmos elementos, se perpetuou ó longo da historia da civilización occidental. A "literatura" figura case sempre, dunha ou doutra maneira, entre os compoñentes máis destacados delà.

Mentres que das antigas culturas do Fértil Crecente e Exipto temos so indicios de sobre que parte da poboación as actividades textuais puideron impartir cohesión socio-cultural, parece que a primeira vez na historia do mundo que presenciamos algunhas evidencias claras desta función é en Grecia. Podemos falar, naturalmente coas debidas precaucións, dun cambio, ou mesmo tal vez dunha "contribución grega" (o que, sen embargo, non podería ter xurdido sen a invención do alfabeto en Canaan). Sen profundizar aquí nunha discusión das diferencias existentes entre Atenas e outras comunidades gregas, o que apreciamos ó comezo da época helenística é o cambio desde un repertorio posuído polos dirixentes e o seu séquito a outro posuído pola "xente", aínda que obviamente, "a xente" supón tamén unha selecta parte da poboación total. As actividades textuais teñen agora lugar ó aire libre e non se limitan a himnos públicos ou estelas con inscricións inaccesibles, senón que cada vez alcanzan unha maior audiencia. Permiten mesmo unha certa crítica social e un tratamento un pouco menos reverente dos gobernantes (estoume a referir tanto ás "traxedias" como ás "comedias")- Mais aínda, as historias de tempos pasados, que de forma gradual van conformando un canon amplamente aceptado, convértense en elementos básicos da ensinanza e da propia diferenciación para grupos cada vez máis amplos. Diría mesmo, que para un membro da comunidade grega, e certamente para un da helenística, existe xa un repertorio cultural ben definido, intimamente ligado ás actividades textuais, e interiorizado ata tal punto que constitúe parte da propia imaxe do individuo, e proporciónalle un sentimento de identidade que o distingue do resto do mundo, os *barbami*.

Ademais, a través destes textos, a *Koinè* grega alcanzou moito mais éxito que ningunha lingua precedente. (O Imperio Asirio, en comparación, foi ó seu lado case un fracaso; logo do seu final a penas ninguén

11. Menéndez Pidal, Rarnón. *Orígenes del español*. Madrid, 1926, p. 252, nota 2.

12. Ibn Darraj al Quastali. *Diwan*, Mahmud Ali Maki. Ed. Damascus; Al-Maktab Al-Islami, 1968, pp. 314-320.

13. Turville-Petre, G. *Harald the Hard-Ruler and his Poets*. The Dorotea Coke Memorial Lecture in Northern Studies, 1966. Lewis, London, 1968.

continuou ali falando asirio: a maior parte da poboación falaba xa arameo). Quizais foi en Grecia onde se constituíu un modelo a través do cal, ademais de transmitir cohesión socio-cultural mediante os textos, unha lingua de indole literaria conseguiu substituír gradualmente as variantes locais. Fronte á consideración máis estendida, que establece unha relación de causalidade desde a "identidade innata" á "linguaxe" e finalmente ós "textos" ("literatura"), o caso grego presenta unha traxectoria diferente: desde os textos á identidade e á lingua.

Quizais debería ser atribuído a Grecia outro cambio crucial, a saber, a clara proliferación de sistemas culturais e "literarios". Mentres que os textos na cultura sumeria, mesmo aqueles recitados en ocasións públicas, eran compostos por membros dunha elite, e os textos en Babilonia, Asiria ou os reinos hititas e exipcios, compoñíanos os literatos, Grecia proporciónanos culturas textuais tanto de elite comò de carácter popular. É en Grecia onde presenciámos a aparición de diversas canles de propagación. Por unha parte atopamos as producións escritas, dirixidas a unha minoría, pero finalmente tamén aptas para o consumo da maioría; por outra, están as producións orais, dirixidas á maioría pero baseadas as máis das veces en producións feitas para a minoría. A orixe da noción moderna de "literatura" como algo relacionado con textos escritos sítuase claramente en Grecia. Sinala Gentili que a institucionalización do libro (aínda que libro en Grecia, *byblos*, deriva do nome da cidade fenicia de Gubl), produce esta escisión cultural. Dun lado, "a escritura foi concebida por vez primeira comò un verdadeiro acto literario, literatura sen máis"¹⁴, Doutro:

Xunto a esta cultura máis propiamente literaria e erudita, que floreceu no ámbito literario restrinxido das cortes e dos cenáculos, patrimonio exclusivo dunha elite de intelectuais, tomou vida propia outra forma de cultura, que hoxe poderíamos denominar como "popular" ou "de masas", no sentido en que estaba destinada a un gran número de persoas que gustaban dela e era transmitida dunha forma oral en audicións públicas por recitadores, cantores (*rhapsoidoi*, *kitharoidoi*, *auloidoi*) e actores itinerantes (*tragoidoi*, *Komoidoi*, etc.) que exercitaban a súa profesión obtendo compensacións e honores nas festas organizadas polas diversas cidades do mundo helenizado¹⁵.

Outra cousa son as repercusións que esta situación puido ter na desviación das normas canónicas. é dicir. en materia de temas, formas, así como ideas canonicamente aceptadas. Obviamente, literatos e intérpretes a penas podían expresar visions disidentes, ou comprometerse con formas que contradicisen o gusto da época. En Grecia apareceron por vez primeira os literatos independentes, que tiveron a afouteza de falaren con franqueza e sen reserva, aínda que, comò no caso de

14. Gentili, Bruno. *Poesia e pubblico nella Grecia antica, da Omero al V secolo*. Storica, Laterza, Roma, 1984, p. 222.

15. *Ibidem*, p. 228.

Sócrates, pagaron caro por isto. Non existe nada semellante en culturas anteriores, eoa excepción dos poetas xudaicos, que como Xeremias, foron castigados polo poder case ata a morte¹⁶.

Ó longo da historia mundial, modelos creados no seo dunha cultura podían pasar a outras se estas tiñan motivos para desexar igualarse eoa cultura da que adoptaban o modelo. Atopamos abundantes evidencias de contactos dirixidos a obter este tipo de "préstamos". Calquera grupo de persoas que pretendese estar á altura doutro grupo, sempre se pode facer esta pregunta: "¿Por que non temos nós todos estes bens e tradicións?" Así, por exemplo, se nunha institución recoñecida como honorable vemos que todo o mundo está equipado con avanzados ordenadores e os seus correspondentes accesorios, naturalmente considerariámonos privados de algo que poderíamos posuír de desexarmos vivir en conformidade coas normas de tal institución. Este modelo básico de relación entre o "posuír" e o "non posuír", funciona en todos os niveis socioculturais e para calquera número de persoas. Temos a forte convicción de que os repertorios que mencionamos non foron inventados en cada cultura de maneira individual ou "nacional". Cando se ten que establecer nunha sociedade unha nova institución, adóptase instintivamente a idea de tomaia dalgunha fonte, así comò tamén tornar o repertorio que esta institución supón. Apréndese, por exemplo, a "ser rei" observando un modelo, e este pode ser o dos veciños. Faise do mesmo modo cando a monarquía está xa establecida, pero mesmo entón hai que estar equiparándose permanentemente con certos modelos. O relato de *Samuel* 1,8, no que se fala do establecemento da monarquía entre os israelitas é moi instrutivo ó respecto. Permitan dedicármolles un momento ó texto bíblico.

Os anciáns de Israel viñeron onda o poeta Samuel e dixéronlle "[...] Dános, logo, un rei que nos governe, como o que teñen as outras nacións"¹⁷. Samuel, pronunciando un discurso ante a asemblea, intentou en van disuadir á xente da súa demanda describindolles a maneira incorrecta na que un rei a ben seguro se comportaría:

Este é o foro do rei que reinará sobre vos: collera os vosos fillos, para servizo dos seus carros e da súa cabalería e para que corran diante da súa carroza. Poraos de xefes de milleiro e de xefes de cincuenta; faralles arar as súas leiras e segar o seu trigo, fabricar armas para a guerra e trebellos para os carros. As vosas fillas levaraa para perfumistas, cocíneiras e panadeiras

Quitaravos o mellor dos vosos eidos, das vosas viñas e oliveiras, para dárllelo ós seus servidores. Esixiravos o dezrao do voso gran e das vosas vendimas, para dárllelo ós seus ministros e ós seus funcionarios. Botará man dos vosos criados e criadas, dos vosos bois e dos vosos burros, para que fagan para el o seu traballo. Decimará os vosos rabaños, e vós seredes os seus escravos. Entón berraredes en contra do rei que escollestes, pero o Señor non responderá¹⁸.

16. *Xeremias*, 38, 6-13.

17. *Samuell*, 8,5.

18. *Samuel* 1,8,11-18.

O pobo, sen embargo, non queda convencido. Eles teñen as súas propias ideas sobre as obrigas dun rei: "Non. ¡Nos queremos un rei! Seremos coma as outras nacións. Teremos un rei que nos governe e que saia á fronte de nos nas nosas guerras"¹⁹.

Poderíase argumentar que o reino de Xudá era unha pequena e insignificante provincia, e que por conseguinte intentaba sempre estar á altura de certas normas alleas. Pero comparacións desta clase teñen sempre lugar entre dous grupos iguais. Incluso cremos que canto máis poderoso é o grupo, ou máis elevadas as súas aspiracións, máis probable é que se poña a competir con outros grupos que teñen elementos dos que eles non dispoñen aínda. Os esforzos dedicados por numerosos reis exipcios (faraóns) para obterem unha cantidade suficiente do preciado lapislázuli, están sen dúbida relacionados co feito de que os reis de Mesopotamia gozaron desta pedra en abundancia (véxase, por exemplo, a correspondencia de Teli El-Amarna). Como o lapislázuli xa non é considerado un ben tan prestixioso na nosa sociedade moderna (aínda que sexa moi cobizado en Asia Central), estes esforzos poden parecernos hoxe ridículos. Pero o mesmo nos ocorrería coas peles de elefante que certo rei de Xudá (Ezequías) foi obrigado a enviar como tributo ó emperador asirio (conforme os Anais de Senaquerib I, ós que nos referimos con anterioridade), ou con calquera outra cousa que non pareza ter hoxe un valor práctico claro. Neste mesmo sentido, mesmo os orgullosos e xenofóbicos exipcios non foron quen de ignorar a cultura mesopotámica. De feito, ensinaron a lingua acadia e o canon de textos acadios nas súas escolas para elites.

Son moi numerosos os conductos polos que se coñecen os *indispensabilia* doutra cultura, pero desafortunadamente sobrepasan o marco desta conferencia. Este coñecemento ó que nos referimos pode ser as mais das veces de natureza bastante intuitiva e non de "segunda man". Cando ten carácter intuitivo desempeñaría unha función decisiva na construción dunha cultura, é dicir, na constitución dos *indispensabilia* a través dos cales funciona ese coñecemento e pode ser adquirido e interiorizado.

Mentres continúan tendo lugar acaloradas discusións sobre o respectivo papel que as culturas mesopotámicas, fenicias e exipcias tiveron na construción de Grecia, se é que o tiveron, ninguén discute, sen embargo, o papel que desempeñou Grecia na cultura romana ou etnisca e, en consecuencia, en todas as culturas europeas, tanto orientais como occidentais. Parece que o tipo de relación que podemos observar entre os sumerios e os acadios se repite agora na relación existente entre os gregos, ou mellor o mundo helenístico, e os romanos. Dun lado, a cultura helenística foi asumida como parte da cultura romana dominante; doutro, produciu un repertorio romano nacional, constituído tanto por bens como por modelos de conducta. Así, se por unha parte se adoptaron todos os textos gregos, os textos nacionais foron producidos

19. *Samuel* 1,8,19-20.

seguindo a mesma dirección. Resulta evidente que a Virxilio nunca se lle ocorrería escribir a súa *Eneida* se o texto homérico non estivese considerado elemento característico dunha "gran sociedade".

A presenza dominante dos modelos grego e romano segue a ter unha influencia decisiva nas actuacións dos organizadores sociais ó longo da Idade Media e Moderna. Aínda que a variedade étnica de Europa era na Idade Media case tan ampla como na actualidade, o herdo do Imperio Romano, por unha banda, e os intereses unificadores da Igrexa e os gobernantes, por outra, non facilitaron a aparición de entidades locais. Como apunta sucintamente Vârvaro, referíndose ó século XV: "[...] non se pode falar certamente dunha precisa e difusa conciencia de distinta identidade nacional"²⁰. No que é na actualidade Alemaña e os Países Escandinavos, eoa excepción evidente de territorios marxinais comò Islandia (e ata certo punto Noruega), a aceptación do cristianismo retrasou durante séculos o desenvolvemento de entidades culturalmente separadas. Sen embargo, cando non podía asegurarse o éxito dunha insurrección local sen atraer o consentimento de segmentos máis amplos da poboación, Europa deu en crear as súas novas nacións. E para facelo, utilizáronse con habilidade vellos métodos operativos, como se fosen aprendidos nalgunha escola.

Non cómpre estendérmonos aquí nas razóns polas que Alfonso X O Sabio decidiu impoñer o castelán por decreto. Con este fin relacionouse inmediatamente a creación de textos indispensables, entre outros, unha tradución das Sagradas Escrituras (que xa fora levada a cabo polos xudeus, pero que non tivo ningún tipo de implicación para a comunidade xeral). Sen a lingua española, nin a cohesión socio-cultural transmitida mediante os textos sustentadores de crenzas que todos debían compartir, non tería xurdido unha nación unificada. Por suposto que este non é un caso de límites definidos, dado que os dirixentes de España, para acelerar o proceso de cohesión, expulsaron a todos aqueles segmentos da poboación ós que non daban incorporado por completo á nova identidade.

España significa un dos primeiros logros na aplicación dunha cohesión socio-cultural a unha ampla poboación que estivera longo tempo dividida. Este éxito apréciase claramente na conquista do Novo Mundo polos españois. A relativa unidade do español en Latinoamérica é proba disto. Outros casos non tiveron os mesmos resultados. Os habitantes de Quebec de orixe francesa, a pesar de manteren a súa peculiaridade étnica tras a ocupación británica, foron, por así dicilo, incorporados á nova nación francesa so a través dos esforzos dos misioneiros franceses no século XIX. Mesmo hoxe, o proceso de aculturación aínda non os integrou totalmente eoa Francia continental. No caso italiano, a emigración tanto a países norteamericanos como latinoamericanos, mesmo a finais do século XIX e comezos do XX, tivo lugar antes de

20. Vârvaro, Alberto. *Letteratura romanza del medioevo*. Saggi, II Mulino, Boloña, 1985, p. 10.

que a cohesión socio-cultural fose satisfactoriamente impartida á poboación da península italiana. A maioría dos chamados "italianos" non se consideraban a si mesmos comò tales, e con moita frecuencia, non tiveron acceso a inventada identidade dunha "lingua italiana" nacional, como así o demostra o feito de que se intentase propagar a utilización dunha lingua italiana xa en desuso²¹.

A nación ou identidade francesa, a alemana ou a italiana, desde a perspectiva da cohesión social, son invencións tardías. Para construílas, mobilizáronse e empregáronse os recursos xa consagrados polo tempo, aínda que naturalmente ampliados e adaptados ás circunstancias locais. Os textos, producidos cunha lingua nova ou novamente estandarizada, funcionaron en todos os casos comò un destacado vehículo de unificación para xente que, en principio, non se considerarla como pertencente a determinada entidade.

No caso francés, o momento decisivo foi a Revolución. A burguesía apoderouse de todo o que previamente pertencera á Corte e a aristocracia. A "xente corrente" tivera que agardar moito tempo antes de conseguir un acceso pieno ás propiedades e bens socio-culturais da xa rematada aristocracia, agás durante os caóticos anos da revolución, nos que se fixeron intentos de incorporar tamén este segmento de cara á identidade xeral. Sen embargo, a burguesía, que non en van constituía unha porcentaxe relativamente importante da poboación, especialmente desde a súa fusión coa velia aristocracia (como sinalou con tanto tino Mayer²²), proporcionou á literatura en canto institución e en canto destacado axente de cohesión socio-cultural, a súa prominente posición na organización social e cultural de Francia; e fixoo a través da conservación e expansión do repertorio dos seus predecesores e a ampliación do sistema escolar. Lembremos que, como no caso da prerreconquista española, a meirande parte das persoas que cara a finais do século XVIII vivían dentro das fronteiras francesas non podían falar a variante linguística que hoxe denominamos "francés". Tiveron que ser persuadidos pouco a pouco para adquirir este coñecemento, o que non sería posible sen os moitos textos que foron instrumentos desta empresa, e nos que se introduciron explicitamente moitas das ideas necesarias para convencer á poboación. Este proceso de integración continuou ó longo do século XIX, e poñíase de novo en marcha cada vez que Francia anexionaba para si un novo territorio. Foi mesrao implantado nas afastadas colonias de África, nas que os nenos na escola lían sobre "os nosos antepasados os galos", como facían os nenos franceses.

Pódese aceptar facilmente que, baixo outras circunstancias, unha rexión como Saboia, anexionada a Francia so a finais do século XIX, podería ter sido italiana antes que francesa. Por outra parte, a Italia do Noroeste, levando as cousas ó seu extremo, podería ter sido francesa, de non ter existido o *Risorgimento* italiano.

21. De Mauro, Tulio. *Storia linguistica dell'Italia unita*. Laterza. Roma-Bari, 1984.

22. Mayer, Arno. *La persistance de l'Ancien Régime: l'Europe de 1848 à la Grande Guerre*. Flammarion, Paris, 1983.

No caso alemán, italiano, búlgaro, servo-croata, checo e quizais mesmo o grego moderno, a "literatura" foi pouco menos que indispensable para a creación das "nacións" aludidas por estes nomes. En cada caso, un pequeno grupo de persoas, ás que denominaremos "axentes socio-semióticos", popularmente coñecidos baixo o apelativo de "escritores", "poetas", "pensadores", "criticos", "filósofos" e similares, produciron un enorme corpus de textos cos que pretendían xustificar, sancionar e sustentar a existencia ou o desexable delà, o valor e a pertinencia dunha entidade creada á que se aspira, é dicir, da nación alemana, a nación búlgara, a italiana, etc. Ó mesmo tempo, poñen tamén en orde o conxunto de textos e nomes que en principio poderían ser útiles á hora de xustificar a súa causa.

Para entendermos simplemente en que consiste a identidade literaria alemana, reflexionemos sobre o Duca do de Luxemburgo. Ducados deste tipo existen ó longo de todo o territorio aíemán na actualidade, e os seus habitantes falan en cada caso a súa propia lingua local. Non houbo por tanto nada de "naturai" no seu consentimento para unirse con Prusia e fundar a unión alemana, nin houbo nada de "naturai" na súa aceptación dunha lingua como a chamada "alto alemán" (*Hochdeutsch*), unilateralmente estandarizada e con certa artificialidade por Gottsched e os seus seguidores²³. Pero foi a reputación dos textos que escribiu nesta lingua a xeración de Goethe, Schiller e os seus epígonos, a que finalmente creou a nova nación alemana. A idea de nación, que aspiraba a integrar os habitantes dun territorio politicamente fragmentado, botou raíces con gran éxito.

Hoxe é de comun acordo que non existiría unha nación alemana sen unha literatura alemana, que á súa vez non podería terse unificado sen unha lingua estandarizada e ben definida. Este "paquete de oferta", consistente nunha nación, unha lingua e mais unha literatura, non era novo *per se*. Como afirma Goldstein, "Bismark non daría nunca ere ado unha unidade política, de non estableceren previamente os escritores clásicos unha unidade espiritual"²⁴. No caso alemán esta unidade tivo que ser deliberadamente planificada e exécuta da, no canto de lograrse a través dun proceso espontáneo. Isto implicaba, como no caso francés, descoidar, ignorar e mesmo prohibir todo aquilo que non se axustase ás unificadas institucións. Deste xeito, todas as alternativas lingüísticas que non se acomodaban á nova lingua estándar foron reducidas á dubidosa condición de "dialectos" (en Alemana), ou "patois" (en Francia; para a mentalidade francesa, por certo, o "patois" nin sequera provén da "única e verdadeira" lingua francesa).

23. Vid. Blackall, Eric A. *The Emergence of German as a Literary Language. 1700-1775*. Cornell University Press. Ithaca e Londres, 1978 (1959) e Guxman, M. M. "Formation of the Literary Norm of the German National Language" en *Soviet Contributions to the Sociology of Language*. Ed. e traducción de Philip A. Luelsdorff. The Hague, Paris. Mouton, Nova York. 1977.

24. Goldstein, Moritz. *Begriff Und Programm einer Jüdischen Nationalliteratur*. Jüdischer Verlag. Berlin, 1912, p. 20.

Para a nova cohesión socio-cultural á que aspiraban os axentes de tal empresa, o establecemento dunha lingua nacional e unha literatura nacional é equivalente ó feito de adquirir bens para a propia identificación e a propia construción, que noutros periodos caracterizaban só os grupos dirixentes. O sentimento do dirixente trasladouse, ou deberíamos dicir foi trasladado, do dirixente individual e do nobre, a todo un corpo anónimo chamado "a nación". Cada membro deste corpo, so pola súa participación na "nación", gañou o dereito a compartir os bens adquiridos. Así, o feito de demostrar a adecuación da lingua alemana a calquera tarefa espiritual e intelectual significa desde o punto de vista de "os alemáns" (segundo a descrición de Blackall²⁵ sobre o nacemento de Alemaña): "non nos sentiremos xa inferiores con respecto á nación francesa, ou calquera outra nación". O feito de teren unha literatura que é quen de competir con outras, porque logrou expoñentes admirables da talla de Goethe e Schiller, implica de forma evidente que "nós somos unha gran nación". Figuras do reievo de Goethe son o resultado complexo da combinación das súas actividades como *intellocrat* (tornando o termo de Hamon e Rotman²⁶), e do efecto que os seus escritos exercen. Para calquera individuo inserto nunha comunidade, a grandeza da nación confírelle tamen unha grandeza individual: "son grande, porque pertenzo a unha nación que xerou Goethe". Non existe demasiada diferenza co tipo de sentimentos que implica calquera competición: "son grande porque pertenzo a unha nación que posúe un equipo de baloncesto que gañou a Copa de Europa". Simplemente "paga a pena" ser membro dunha nación así, e este mérito convértese nun poderoso factor para fortalecer e alimentar o sentimento de "formar parte de". O proceso italiano, aínda que culminado case ó mesmo tempo que a unificación de Alemaña (1870-1871), eoa creación do Estado Italiano (1861-1870), tiña xa como posibles modelos os precedentes franceses e alemáns. De feito, non existía nada inhérente que convencera á poboación de Italia para se converter en "italianos", en membros dunha nación chamada "Italia", de non existiren antes axentes que, o mesmo que os seus equivalentes alemáns, utilizaron a reputación de textos escritos nunha lingua que case ninguén realmente falaba, para popularizar o mesmo "paquete de oferta" que cristalizara en Alemaña, é dicir, empaquetar conxuntamente a lingua cunha nación, cunha existencia sustentada, xustificada, motivada e defendida mediante a unión da riqueza das narracións sobre un suposto pasado común, xeralmente un tanto distante, eoa gloria da lingua desenvolvida nalgún momento por algun dos seus membros.

A lingua que agora chamamos "italiano" atopábase quizais mesmo en peor situación que a francesa ou a alemana desde o punto de vista da súa distribución real. Era unha *lingua morta*, como audazmente

25. Blackall, Eric A. *Op. cit.*

26. Hamon, Hervé e Rotman, Patrik. *Les intellocrates: expédition en haute intelligentsia*. Ramsay, Paris, 1981.

sostén Tullio De Mauro no seu maxistral *Storia linguistica dell'Italia unita*²⁷. Dos aproximadamente vintedous millóns de habitantes da península, so arredor duns 600.000 "eran quen de entenderen o italiano". Mesrao os escritores máis destacados desta lingua, como Manzoni, utilizaban o francés con maior fluidez naquel momento. Sen embargo, foi gracias ós esforzos intelectuais, esforzos pouco a pouco sustentados e mobilizados polo intelixente Primeiro Ministro de Piemonte-Sardegna, Cavour; foi, en efecto, gracias a eles, que gañou terreo entre partes da poboación cada vez máis extensas, a idea dunha nación italiana baseada na lingua que utilizaron os grandes fundadores da súa tradición literaria: Dante, Boccaccio e Petrarca. Pero a unificación de Italia foi so o primeiro paso de cara ó nacemento da nación. Non so se discutía que habitantes deberían integrala, senón que pasaron moitos anos, ata a nosa década dos oitenta, ou sexa, máis de cen anos despois da unificación política, antes de que o italiano se convertese realmente na lingua falada pola maioría dos "italianos". Como indica De Mauro na súa introducción á segunda edición do libro xa citado: "O italiano era aínda hai vinte anos unha lingua habitual dunha minoría. Hoxe é a lingua habitual da maioría dos italianos, aínda que tras os muros das casas foi onde máis resistiron os dialectos"²⁸. Por suposto que había algúns que non estaban contentos eoa inclusión de todos os habitantes de Italia na nova nación. Fora mellor baseala, por exemplo, so nas clases medias. Outros, como o propio Cavour, non se alegraban en absoluto das proezas de Garibaldi, que brindou en bandexa de prata o Sur e Sicilia ó monarca. Cavour prefería un Estado sen o Sur, pero non podía rexeitar o que a ideoloxía populista, ideada pola literatura, xa presentara como unha causa nacional.

O mesmo que no caso de Alemaña, ningunha lingua vernácula se puido converter en variedade linguística común. A variante historicamente baseada na lingua fiorentina estandarizada por Dante e os seu epígonos, xa non se correspondía eoa lingua que realmente se falaba na Toscana, e máis especificamente en Florencia *no* momento da unificación. Manzoni, que tivo como tarefa fundamental aconsellar sobre a lingua que debía adoptar o Estado, contemplou por un momento a idea de converter a variante fiorentina contemporánea na base da lingua moderna, abandonando esta idea para logo defender unha fabricación híbrida, baseada na selección e combinación de distintas normas locais. En Alemaña e en Italia, tanto antes da unificación política como despois de que se alcanzase, tiveron que ser recrutados miles de axentes que tiñan como función popularizar os textos duns poucos iniciados, e propagar a lingua que estes textos empregaban. A maior carga recaeu sobre os profesores de escolas, e os intelectuais italianos produciron textos co fin de os proveer do arsenal necesario para o seu

27. De Mauro. *Op. cit.* Vid. tamén Bollati, Giulio. *L'Italiano: il carattere nazionale come storia e come invenzione*. Nuovo Politecnico, 136. Einaudi. Turin, 1984 (1983).

28. *Ibidem*, XVII.

labor. Textos pensados para nenos, como *Il cuore* de D'Amici, ou *Pinocchio* de Collodi, foron deliberadamente feitos a medida, funcionando como perfectos xeradores dunha cohesión socio-cultural. En realidade, Italia simplemente non existiría como entidade coherente sen a súa nova lingua e a súa literatura novamente instituída. Non sorprende que as dúbidas sobre esta entidade e o descontento, especialmente tras a dura política do goberno fascista contra os dialectes, producisen certos levantamentos simbólicos contra a lingua unificada, que, segundo os disidentes, provocou a destrución das culturas locais. A literatura en lingua vernácula foi creada como un acto de protesta, e así o evidencia o caso de Pasolini, que acusa á Italia oficial de ter cometido un xenocidio cultural. O oito de outubro de 1975, pouco antes de ser asasinado, publicou un artigo demoledor no *Corriere della sera*, no que, a propósito da presentación da súa película *Accatone* en televisión di:

Entre 1961 e 1975 algo esencial sufriu un cambio: produciuse un xenocidio, Destruíuse culturalmente un pobo. Trátase precisamente dun xenocidio cultural ó que precederan xenocidios físicos [...]²⁹.

Debemos obviar agora os outros casos que antes mencionei, como o checo e mais o búlgaro, aínda que cada un deles aporta novos matices á comprensión do funcionamento da literatura na creación das nacións de Europa. Cumpriría unha exposición moito máis longa do que aquí lle acae. En lugar disto, para rematar cun pequeno desvío, trataremos brevemente da función que o "modelo europeo" desempeña no seo das culturas non-europeas, e logo do que parece ser a evidente ausencia deste "modelo europeo" noutras culturas.

O alto grao de cristalización do "modelo europeo" demóstrase porque foi repetidamente utilizado nunha cultura tras outra na propia Europa. Pero pode tamén apreciarse en culturas que non pertencen ó ámbito europeo.

O primeiro exemplo é o caso da nación hebrea, agora establecida no Estado de Israel. A creación da moderna nación hebrea, que comezou a asentarse en Palestina cara a fins do século XIX, iniciouse en Alemaña cara a principios do século pasado, case ó mesmo tempo que a nación alemana. Ó longo deste século, nun laborioso proceso, a nova identidade, que xerou tamén unha nova identidade socio-cultural cun propósito finalmente político, foi constituída a través dunha nova literatura e unha lingua reelaborada, a lingua hebrea adaptada ós seus novos obxectivos³⁰.

O segundo exemplo é a constitución das nacións árabes modernas. Este caso amosa tamén moitos dos ingredientes recoñecibles do

29. Reimpreso en Pasolini, P.P. *Lettere Luterane*. Turin, 1976, p. 154. Agradezo a Alon Altaras o terme proporcionado esta cita.

30. Para o caso hebreo vid. Shavit, Yaacov. *The New Hebrew Nation: A Study in Israeli Herey and Fantasy*. Frank Cass. Londres, 1987 e Even-Zohar, Itamar. "The Emergence of a Native Hebrew Culture in Palestine, 1882-1948" en *Poetics Today* 11(1), 1990, pp. 175-91.

modelo europeo. O chamado "renacemento" da lingua e literatura arabes, primeiro en Exipto e no Libano durante o século XIX, aínda que fíxese uso de materiais que sempre estiveran disponibles, era unha entidade diferente. A natureza da nova literatura, a posición defendida polos seus axentes, o seu impacto nas accións das persoas, primeiro entra na intelectualidade, e máis tarde e pouco a pouco entre grupos máis amplos, son de inequívoca orixe europea. Non se trata, por suposto, dun simple caso de exportación, por dicilo dalgún xeito, senón dunha adaptación do modelo europeo, sobre todo do francés, ás condicións locais. Conxúganse tamén toda unha serie de operacións levadas a cabo deliberadamente por dirixentes e intelectuais co fin de obter o estatuto dun "estado moderno". Non estou falando aquí de ideas incompatibles, nin deste xénero literario ou aqueloutro, senón da propia estrutura da actividade textual. Como é lóxico, isto supón a adaptación progresiva da velia linguaxe literaria ós novos obxectivos. Aínda que nunca chegou a ser unha lingua falada como ocorreu en Alemaña e Italia, a lingua árabe tivo que liberarse de tradicións petrificadas para se poder converter nunha ferramenta dúctil e axeitada para colaborar na execución do proxecto intelectual que aspira á formación da nación exipcia e outras nacións arabes modernas³¹.

O terceiro exemplo pode aparecer un pouco fora de lugar, pero creo que é unha perfecta demostración da capacidade de formalizarse que posúe o modelo. Cando Lazaro Ludovico Zamenhof creou a súa lingua internacional chamada esperanto, en 1887, entre as súas preocupacións máis importantes e urxentes estaba a de fixar as actividades literarias. A literatura converteuse nunha importante preocupación para esta comunidade internacional, que produciu rapidamente traducións das obras mestras da literatura occidental comò obras orixinais. Zamenhof, que sufriu nos seus escritos literarios a mofa dos seus competidores, é dicir, certos movementos para a promoción doutras linguas artificiais, parece que interiorizou por completo o modelo europeo da creación de nacións co fin de constituir unha comunidade internacional unida mediante un sentimento similar, senón igual, de cohesión cultural. Palabras utilizadas en esperanto como *esperantistaro* para "a comunidade dos falantes de esperanto" e *esperantujo* para "a patria dos falantes de esperanto", son perfectamente equivalentes á de nación e país nas linguas "nacionais". Nada parecido existe noutras linguas artificiais, propostas tanto antes como despois da aparición do esperanto. Quizais isto poida ser unha explicación parcial do relativo éxito do esperanto e do fracaso de todos os outros exemplos³².

31. Para máis detalles con respecto á construción da moderna nación exipcia vid. Gershoni, Israel e Jankowsky, James P. *Egypt, Islam, and the Arabs; The Search for Egyptian Nationhood, 1900-1930*. Oxford University Press, Nova York e Oxford, 1986 e Mitchell, Timothy. *Colonising Egypt*. The American University in Cairo Press. Cairo, 1989 (1988).

32. Vid. tamén Liebermann, James E. "Esperanto and Trans-national Identity: The Case of Dr. Zamenhof, número editado por Paul Lamy en *International Journal of the Sociology of Language: Language Planning and Identity Planning*, 1979, 20, pp. 89-107.

Finalmente, cremos que sería útil observar que este modelo de creación de nacións non foi utilizado nos Estados Unidos. A nación norteamericana naceu dunha rebelión contra o dominio da Gran Bretaña, pero non intentou desprenderse da tradición literaria ou linguística inglesa. É certo que as súas actividades textuais, de natureza popular na súa meirande parte e cun menor grao de institucionalización foron utilizadas para difundir historias, mitos e imaxes que construíron o "espírito americano", creando un sentimento crecente de diferenza. Pero este proceso non afecta á minoritaria produción literaria que buscou a súa aceptación na cultura británica case ata comezos do século XX. Ademais, aínda que tiña que se distinguir da súa terra nai e previa opresora, a nova sociedade do Novo Mundo non tivo problemas en utilizar a mesma lingua literaria. Os cambios a nivel linguístico non se deron como en Noruega, onde a lingua, basicamente idéntica á danesa, foi diferenciándose dela mediante unha serie de reformas planificadas. Os norteamericanos, aínda que desenvolveron o seu propio estilo e preferencias, nunca emprenderon realmente unha reforma seria, nin buscaron reemprazar o inglés por ningunha outra lingua. Houbo modificacións na variante americana do inglés a medida que a realidade do uso da lingua abriu camiño cara a unha lingua literaria con estilo propio, mediante unha longa negociación entre normas e gustos. Daquela, a nación americana non se creou por ou a través da súa literatura, nin por ou a través da súa lingua, senón quizais de maneira bastante indiferente a ambas. Parece que dificilmente se podería pensar nun evento que tivese por título "Os Estados Unidos da literatura". Agardamos ter demostrado, por outra banda, que a "Europa das literaturas" é unha imaxe baseada en amplias e sólidas realidades, polo que os nosos colegas de Santiago merecen un forte aplauso.

I. E.-Z.